



16 NARÓN

CÓDIGO CONCELLO






16 NARÓN

CÓDIGO CONCELLO

Código	NOME
16_001	CASTRO DE PENA LOPESA
16_002	MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO DE XUBIA
16_003	OUTEIRO
16_004	MUÍÑO DE MAREAS DAS ACEÑAS
16_006	EDIFICACIÓNS NA PONTE XUBIA
16_007	MUIÑO DA PONTE XUBIA
16_008	FÁBRICA DE FARIÑAS E COBREIRA DE XUBIA
16_009	MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO DE XUBIA
16_010	FÁBRICA DE FARIÑAS E COBREIRA DE XUBIA

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	X_12
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	CASTRO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	ALTERADO
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	AGROPECUARIO
DETALLADO	PRODUTIVO

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

16_001
CÓDIGO INVENTARIO

CASTRO DE PENA LOPESA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	RÍAS ALTAS
CONCELLO	NARÓN
SECTOR COSTEIRO	COSTA NORTE DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	MONTES DA LAGOA E CAMPELO
PARROQUIA	O VAL (SANTA MARÍA A MAIOR)
NÚCLEO / LUGAR	OUTEIROS, OS
REFERENCIA CATASTRAL	15055A00309001
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 562487,00 Y: 4825193,87 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Asentamento fortificado costeiro case desaparecido pola erosión mariña. É imposible facer unha descrición, máis que de sinalar a forma oval do illote e as dimensións aproximadas, cuns 80 por 60 metros (os eixes N-S e E-W). Publicáronse materiais atopados no seu recinto. Código GA15054015, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Só se identifica a morfoloxía do promontorio e posibles restos de terraplén defensivo moi erosionado.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira irregular configurada por un promontorio rochoso separado parcialmente do continente. Uso actual de monte baixo e matogueira. Delimitada por cantís mariños, con acceso restrinxido desde terra firme.


PARCELA

Entorno litoral aberto, caracterizado por cantís abruptos e mar aberto. Sen tecido urbano inmediato, con pistas de acceso rural. Conxunto paisaxístico de alta exposición visual, integrado na franxa costeira das Rías Altas.

ENTORNO

Exemplo representativo de castro marítimo de pequeno tamaño na costa de Narón. Destaca pola adaptación defensiva ao relevo litoral e polo seu valor como testemuño da ocupación na Idade do Ferro na franxa atlántica.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BIC DECRETO (18/08/1972)

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: R_01

ARQUITECTÓNICO TIPO: RELIXIOSO SUBTIPO

ELEMENTO: MOSTEIRO

NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a autenticidade da fábrica románica, a singularidade da cabeceira tripartita, a integración coa paisaxe da ría, así como o carácter de conxunto BIC, garantindo a conservación estrutural e o uso cultural.

POSTA EN VALOR

16_002
CÓDIGO INVENTARIO

MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO DE XUBIA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	NARÓN
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	A GÁNDARA
PARROQUIA	NARÓN
NÚCLEO / LUGAR	XUBIA
REFERENCIA CATASTRAL	6665075NJ6166S
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 566766,40 Y: 4816452,22 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Tamén denominado Mosteiro do Couto, constitúe un conxunto monástico de orixe medieval que conserva unha das mostras máis relevantes do románico galego. A igrexa, datada na segunda metade do século XII, presenta planta basilical de tres naves separadas por columnas de sección circular con arcos de medio punto, cinco tramos e cabeceira tripartita con ábsides semicirculares. Destacan os canzoros historiados e as ventás abucinadas con columnas acodadas, así como a cubrición en bóvedas de canón e de cuarto de esfera. As transformacións do século XVIII incorporaron o campanario barroco coroado por cúpula, ademais de ampliacións na casa reitoral. O conxunto, posúe un alto valor arquitectónico, histórico e paisaxístico, combinando a monumentalidade románica coa integración no núcleo de Xuvia.

DESCRIPCIÓN

Igrexa románica do s. XII con tres naves e ábsides semicirculares, e campanario barroco do XVIII. Complémntase coa casa reitoral e dependencias auxiliares, conformando un conxunto monástico de gran unidade tipolóxica.

EDIFICACIÓN

A parcela abrangue a igrexa, a casa reitoral e espazos anexos, delimitados por peche pétreo tradicional. Inclúe cementerio parroquial e pequenos patios interiores, garantindo a lectura volumétrica do conxunto.


PARCELA

Sitúase no núcleo de Xuvia, en contacto coa ría de Ferrol. O relevo suave e a presenza da auga conforman un ámbito paisaxístico de gran calidade, cunha estreita relación entre o conxunto relixioso e a contorna natural.

ENTORNO

Destacan os ábsides románicos con ventás ornamentadas, o campanario barroco e a unidade volumétrica das edificacións. A súa implantación costeira reforza o seu carácter patrimonial.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: X_42

ZONA ARQUEOLÓXICA: ZONA ARQUEOLÓXICA

ELEMENTO: ACHADO

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO III

GRADO DE CONSERVACIÓN: SIN DATO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: FORESTAL

DETALLADO: PRODUTIVO

DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

16_003
CÓDIGO INVENTARIO

OUTEIRO
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: NARÓN

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE FERROL

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO XUBIA E O FREIXEIRO

PARROQUIA: NARÓN

NÚCLEO / LUGAR: RIBEIRA DE SANTA MARÍA

REFERENCIA CATASTRAL: 15055A06109519

ZONA: SERVIDUME

X: 567319,00 Y: 4817686,00

COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico tipo achado illado, correspondente a un conxunto cerámico adscrito á Idade do Bronce. Localízase nunha pequena chaira próxima á ría de Ferrol, en contorna parcialmente transformada por infraestruturas viarias. Recuperáronse tres fragmentos de panza de vasilla cerámica, elaborados con pasta manual e cocción oxidante. A ausencia de contexto estratigráfico impide caracterización tipolóxica precisa. O ámbito presenta alteración derivada da construción da AP-9 e explotación forestal, con posible afección ao depósito arqueolóxico. Código AC15054001, con nivel de protección Grao III.

DESCRIPCIÓN

Trátase dun achado illado sen elementos construtivos visibles no ámbito delimitado.

EDIFICACIÓN

Predio de xeometría irregular situado nunha penichaira próxima á ría, actualmente ocupado por masas forestais e afectada por infraestruturas viarias.

PARCELA

Contorno periurbano condicionado pola presenza da AP-9 e enlaces viarios. Paisaxe de ría con masas forestais e solos de protección costeira. A infraestrutura introduce impacto visual e territorial significativo.

ENTORNO

Testemuño material da ocupación da Idade do Bronce na contorna da ría de Ferrol. A súa relevancia radica na potencialidade informativa sobre hábitats abertos costeiros, pese á carencia de contexto estratigráfico.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	E_002
ETNOLÓXICO TIPO	MUIÑOS DE MAREAS SUBTIPO
ELEMENTO	MUÍÑO
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	AGROPECUARIO
GLOBAL	PRODUTIVO
DETALLADO	

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional

AUTORIZABLES

Debe resaltarse a singularidade tipolóxica como maior muíño de mareas de Galicia, o seu valor etnolóxico e tecnolóxico, a memoria produtiva ligada á ría, así como o potencial cultural e turístico do conxunto.

POSTA EN VALOR

16_004
CÓDIGO INVENTARIO

MUÍÑO DE MAREAS DAS ACEÑAS
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	NARÓN
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIROS DO XUBIA E O FREIXEIRO
PARROQUIA	NARÓN
NÚCLEO / LUGAR	OUTEIRO, O
REFERENCIA CATASTRAL	001800200NJ61H
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 567135,00 Y: 4818069,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O muíño constitúe un conxunto etnolóxico de carácter produtivo ligado ao aproveitamento mareal. Edificado a finais do século XVIII e reformado parcialmente no século XX, tratábase dun dos muíños de mareas de maior entidade tipolóxica, cunha estrutura complexa que incluía varias moas, engrenaxes metálicos, canles de condución e elementos de almacenaxe asociados á antiga fábrica de fariñas. O edificio principal, de fábrica en cachotería revocada e cuberta a dúas augas con tella curva, presenta un estado de conservación moi deficiente, con graves danos estruturais na cuberta, forxados e muros interiores. O inmobile insírese na tipoloxía de arquitectura industrial tradicional costeira, vinculada á economía mariñeira e agrícola, sendo un testemuño do desenvolvemento tecnolóxico preindustrial.

DESCRIPCIÓN

Inmobile de planta rectangular e varios corpos anexos, muros de cachotería con carpinterías substituídas, cuberta en tella curva e elementos mecánicos tradicionais, hoxe moi deteriorados.

EDIFICACIÓN

Localízase nunha marxe da ría, ocupando un espazo de transición entre ámbito fluvial e edificado, cunha contorna inmediata de natureza semiurbana.

PARCELA

Sitúase no esteiro do río Xuvia, nunha área de alto valor paisaxístico e ambiental, dentro da unidade de paisaxe "Esteiros do Xubia e O Freixeiro", con proximidade a infraestruturas viarias.

ENTORNO

Destaca pola súa escala e complexidade funcional, sendo considerado o maior muíño de mareas de Galicia. O valor etnolóxico, arquitectónico e tecnolóxico confírelle carácter patrimonial único.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	A_021
ARQUITECTÓNICO TIPO	PRIVADO SUBTIPO
ELEMENTO	CASA
NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTRUTURAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	RESIDENCIAL
DETALLADO	RESIDENCIAL UNIFAMILIAR

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

A conservación das galerías, a volumetría tradicional e a súa relación coa ría constitúen os principais elementos a resaltar. A posta en valor debe orientarse á rehabilitación integral, garantindo o uso e a preservación ambiental.

POSTA EN VALOR

16_006
CÓDIGO INVENTARIO

EDIFICACIÓNS NA PONTE XUBIA
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	NARÓN
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIROS DO XUBIA E O FREIXEIRO
PARROQUIA	SAN XIAO DE NARÓN (SAN XIAO)
NÚCLEO / LUGAR	SANTA RITA
REFERENCIA CATASTRAL	8788704NJ6188N
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 568541,00 Y: 4818568,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificación de tipoloxía residencial e uso complementario comercial, integrada nun conxunto de inmobles entre medianeiras que configuran un continuo urbano na ribeira do Xuvia. A súa volumetría responde a unha estrutura prismática de dúas plantas máis baixo, con cuberta a dúas augas de tella cerámica e fachadas resoltas en revoco. Destaca a presenza de galerías acristaladas con carpinterías de madeira, que engaden valor ambiental ao conxunto. O interior conserva restos de mobiliario de época e distribución propia de uso administrativo e residencial. O grao de conservación é moi deficiente, con perda de revestimentos, patoloxías estruturais e humidades.

DESCRIPCIÓN

Inmable entre medianeiras, de tres alturas con cuberta a dúas augas e galerías acristaladas, configurando unha volumetría tradicional costeira. Presenta fachadas revocadas en avanzado deterioro.

EDIFICACIÓN

Parcela en borde urbano consolidado, en contacto coa ría, con posición en esquina e medianeiras. A topografía é chan, con edificacións anexas que conforman unha unidade tipolóxica de interese ambiental e patrimonial colectivo.

PARCELA

O conxunto sitúase no núcleo, nunha contorna histórica vinculada ao desenvolvemento industrial e comercial da ría. A súa implantación en fachada fluvial confírelle un marcado carácter paisaxístico e identidade urbana singular.

ENTORNO

Destaca pola súa posición en contacto coa auga, pola tipoloxía de galería tradicional e pola conformación dun conxunto de edificacións que manteñen a memoria histórica do lugar.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	E_006
ETNOLÓXICO TIPO	MUIÑOS DE RÍO SUBTIPO
ELEMENTO	MUÍÑO
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ÓPTIMO
USOS ORIXINAIS	INDUSTRIAL
GLOBAL	PRODUTIVO
DETALLADO	

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional.

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a súa condición de muíño hidráulico de orixe setecentista, a integridade tipolóxica, os restos industriais asociados e a función museística que garante a transmisión cultural á comunidade.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	NARÓN
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE FERROL
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIROS DO XUBIA E O FREIXEIRO
PARROQUIA	SAN XIAO DE NARÓN (SAN XIAO)
NÚCLEO / LUGAR	SAN ROQUE
REFERENCIA CATASTRAL	8788702NJ6188N
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 568554,00 Y: 4818604,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Constitúe unha peza etnolóxica de gran relevancia histórica. A súa orixe remóntase ao século XVIII, cando foi erguido como instalación destinada á moenda de cereal, ampliándose despois con usos vinculados á industria metalúrxica e téxtil. O conxunto estrutúrase en varios volumes adxacentes, de tipoloxía tradicional, con muros de cachotería enfoscada, carpinterías de madeira e cubertas a dúas augas con tella curva. Presenta arcos de descarga en pedra granítica que permiten o paso das augas do esteiro, elemento esencial para o funcionamento hidráulico. No interior consérvanse moas, mecanismos de transmisión e espazos expositivos que documentan o proceso produtivo. A edificación foi obxecto de rehabilitación contemporánea, integrando ás preexistencias, funciona como museo interpretativo.

DESCRIPCIÓN

Construción hidráulica de fábrica tradicional, volumes prismáticos con cuberta de tella, muros de cachotería revocada e arcos graníticos sobre o esteiro, que acollen os mecanismos de moenda e espazos museísticos rehabilitados.

EDIFICACIÓN

Situada en chan urbano consolidado, a parcela intégrase no núcleo de San Roque, cunha fronte ao esteiro que garante a relación coa auga e permite a lectura do seu carácter industrial histórico e paisaxístico.

PARCELA

O edificio insírese nos esteiros do Xuvia, contorna de alto valor natural e cultural, con carácter costeiro e integración visual na Ría de Ferrol, configurando un referente patrimonial na paisaxe marítima-industrial.

ENTORNO

Relevancia etnolóxica, valor histórico-industrial e identidade cultural. Mantén autenticidade estrutural, sistemas hidráulicos e capacidade didáctica, configurando un ben único no catálogo patrimonial galego.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



LOCALIZACIÓN

PROVINCIA A CORUÑA

CONCELLO NARÓN

PARROQUIA SAN XIAO DE NARÓN (SAN XIAO)

NÚCLEO / LUGAR SAN ROQUE

REFERENCIA CATASTRAL 001402300NJ61H

X: 568546,14 Y: 4818615,32

COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

DATOS IDENTIFICATIVOS

ZONA SERVIDUME

CLASIFICACIÓN BEN CATALOGADO

CATEGORÍA MONUMENTO

PLANEAMIENTO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA X_59


ARQUITECTÓNICO TIPO CIVIL

ELEMENTO FÁBRICA

NIVEL DE PROTECCIÓN ESTRUTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN SIN DATO

USOS ORIXINAIS INDUSTRIAL



En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN




ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

1:2.000

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

ACTUACIÓNS

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA A CORUÑA

CONCELLO NARÓN

PARROQUIA NARÓN

NÚCLEO / LUGAR XUBIA

REFERENCIA CATASTRAL 6665075NJ6166S

X: 566766,40 Y: 4816452,22

COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

DATOS IDENTIFICATIVOS

ZONA SERVIDUME

CLASIFICACIÓN BIC DECRETO (1972-08-18)

CATEGORÍA MONUMENTO

PLANEAMIENTO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA X_38

ARQUEOLÓXICO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO

TIPO SUBTIPO


ELEMENTO MOSTEIRO

NIVEL DE PROTECCIÓN GRAO I / GRAO II.2

GRADO DE CONSERVACIÓN ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS DOTACIONAL

DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN




ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

1:2.000

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

DELIMITACIÓN DO BEN

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



LOCALIZACIÓN

PROVINCIA A CORUÑA

CONCELLO NARÓN

PARROQUIA SAN XIAO DE NARÓN (SAN XIAO)

NÚCLEO / LUGAR SAN ROQUE

REFERENCIA CATASTRAL 001402300NJ61H

X: 568546,16 Y: 4818615,30
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

DATOS IDENTIFICATIVOS

ZONA SERVIDUME

CLASIFICACIÓN BEN CATALOGADO

CATEGORÍA MONUMENTO

PLANEAMIENTO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA X_59

ARQUEOLÓXICO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO


TIPO SUBTIPO

ELEMENTO FÁBRICA

NIVEL DE PROTECCIÓN GRAO II.1 / GRAO II.2

GRADO DE CONSERVACIÓN SIN DATO

USOS ORIXINAIS INDUSTRIAL



En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

1:2.000

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

DELIMITACIÓN DO BEN